

VOZ VIVA

Diego Antonio Zernadas e Castro, máis coñecido como o Cura de Fruíme, foi un literato do tempo da Ilustración que, á súa defensa do galego, suma o labor de escritor deixando varios textos que veñen de ser compilados por Xulio Pardo de Neyra no volume *O labor lírico do ilustrado cura de Fruíme*. Así, repásase a traxectoria vital deste autor, o contexto histórico e cultural da Galicia do século XVIII e os elementos extratextuais que inflúen na súa poética ó tempo que se nos ofrece unha coidada edición dos poemas, tanto dos coñecidos como doutros non divulgados ata o de agora. Trátase, pois, esta dunha magna obra que recupera a un autor de noso inxustamente esquecido nas néboas do tempo.

Tempos Novos, 72, maio 2003, p. 69.